

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 9 de setembro de 2021, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade peonil na E.P. 1005 Viso-Hío (Concello de Cangas)” (Expte. 2021005584).*

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Mellora da seguridade peonil na E.P. 1005 Viso-Hío (Concello de Cangas)”.

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A.	25
UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U. - GÉVORA CTNES,S.A.	25
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	24
NAROM S.L.	23
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	22
MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.L.	21
UTE ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L. - CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	20
CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.	18
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.	16
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	14
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.	14

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO	758.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	764.169,28 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	704.110,30 €	3%	36 MESES	SI	SI
UTE CIVIS GLOBAL-GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A.	670.658,64 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	760.000,00 €	3%	36 MESES	NO	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	769.216,97 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	777.686,83 €	3%	36 MESES	SI	SI
MISTURAS, S.A.	782.648,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	740.984,09 €	3%	36 MESES	SI	SI
UTE ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.- CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	799.930,90 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.	760.148,24 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., UTE CIVIS GLOBAL-GEVORA CONSTRUCCIONES, S.A., e NAROM, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir as citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen a oferta e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data sinalada á marxe.

